

Recurso nº 65/2019**Resolución nº 63/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 22 de marzo de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D. J.C.P.D. en relación á contratación dunha subministración eléctrica de 23 puntos polo Concello de Burela, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O 13.03.2019 D. J.C.P.D. interpuxo recurso especial en materia de contratación en relación á contratación, polo Concello de Burela, dunha subministración eléctrica de 23 puntos. Recolle que o fai en calidade de afiliado da agrupación de CxG Burela e veciño de Burela.

Segundo.- O 15.03.2019 reclamouse ao Concello de Burela o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 20.03.2019.

Terceiro.- Examinado o expediente administrativo, e ao estarmos nun suposto do artigo 55 LCSP, procedeu ditar a presente Resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- Procede, primeiramente, analizar se se dá o requisito de lexitimidade para a admisibilidade do recurso especial, cifrada no artigo 48 LCSP en:

“Poderá interpor o recurso especial en materia de contratación calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.”

Non existe no eido do recurso especial de contratación unha acción pública de mera defensa da legalidade, como repetidamente declaran os Tribunais Administrativos de recursos contractuais, con obrigada declaración de inadmisión de estarmos nesa dimensión (por todas, Resolución 629/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais).

O presente escrito presentado nada mostra para poder admitir a lexitimación e, de feito, o que aparece é que precisamente estamos perante unha acción desas características, de defensa da legalidade. Así, aquel primeiramente expresa que se interpón como *“veciño de Burela”* e finalmente o seu solicito é, precisamente, *“que se realicen as accións oportunas para verificar que dita firma esteña dentro da legalidade”*. Nesa dimensión, como xa expresamos, non é admisible o recurso (no mesmo sentido, Acordo 13/2015 Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Navarra).

Finalmente, tendo en conta que o asinante do escrito presentado non ten a condición de concelleiro, no tocante á referencia a unha agrupación política xa na Resolución TACGal 7/2019 explicamos:

“Respecto dos partidos políticos e a súa lexitimación, resulta relevante a cita da Sentenza 1680/2016, de 8 de xuño, do Tribunal Supremo que, para o que aquí interesa no seu FX4º, di:

“a) La doctrina general que se extrae de la legitimación activa de las personas jurídicas resulta plenamente aplicable a los partidos políticos. De manera que este tipo de forma asociativa, por si sola, no resulta razón suficiente para reconocer una legitimación activa general o de simple interés de legalidad, para poder recurrir en el orden contencioso-administrativo disposiciones de carácter general. El que se trate de un partido político no añade un plus en orden a la determinación de su legitimación activa, ni permite extender el ámbito del preceptivo interés legítimo de manera difusa a los objetivos o fines de interés de política general del partido.

(b) El mero interés de legalidad no constituye, sin más, interés legítimo suficiente como para habilitar el acceso a la jurisdicción, sin que ello suponga una interpretación contraria al principio por actione, independientemente de que sea un partido político quien recurra.

(c) El que los partidos sean el cauce de la participación política, y concurran a la formación de la voluntad popular, no es suficiente para conferirles legitimación para la impugnación de cualquier actividad administrativa, si no se aprecia una conexión específica con un concreto interés, actuación o funcionamiento del partido.

(d) No es suficiente que exista una relación entre la disposición que pretende impugnarse y los fines de política general que puedan perseguir como asociaciones de participación política. Es necesario que pueda repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado en la esfera de partido político, no de manera hipotética, abstracta, general o potencial.

En el mismo sentido nos hemos pronunciado también en sentencia de 20 de junio de 2014 (rec. cont.-advo. núm. 20/1987).”

O artigo 55 LCSP establece que o órgano encargado de resolver o recurso, tras a reclamación e exame do expediente administrativo, poderá declarar a súa inadmisión cando constar de modo inequívoco e manifesto calquera dos supostos no precepto citados, entre os cales, na letra b), se recolle o de “A falta de lexitimación do recorrente”. No caso presente, non se aprecia un interese lexítimo do recorrente, en canto a que a estimación do recurso lle reporte aos seu patrimonio de dereitos e

intereses un beneficio ou ausencia dun prexuízo, polo que estaríamos en presenza dunha mera acción de defensa da legalidade, non permitida no seno do recurso especial.”

Polo tanto, é obrigada a inadmisión do recurso presentado ao abeiro do artigo 55 b) LCSP, sen caiban entón máis pronunciamentos (por exemplo, dito tamén no Acordo 126/2018 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón).

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por D. J.C.P.D. en relación á contratación dunha subministración eléctrica de 23 puntos polo Concello de Burela.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.